

César marcha cara a Lutecia e os inimigos chegan ante o campamento de Labieno

Refecto ponte, quem superioribus diebus hostes resciderant, exercitum traducit et secundo flumine ad Lutetiam iter facere coepit. Hostes re cognita ab eis, qui Metiosedo fugerant, Lutetiam incendi pontesque eius oppidi rescindi iubent; ipsi profecti a palude ad ripas Sequanae e regione Lutetiae contra Labieni castra considunt.

César, *De bello Gallico*, VII, 58.

Superioribus diebus: días antes

Secundo flumine: seguindo o río.

Lutetia, -ae: Lutecia (antigo París)

Iter facere: “facer camiño”, marchar.

Metiosedum, -i: Metiosedo (perto de Lutecia)

Proficiscor, profectus sum (3ª, depoñente): ir, marchar.

Palus, -udis: lagoa.

Sequana, -ae: Sequana (río da antiga Galia, actual Seine ou Sena).

E regione (prep. E ablativo): diante de.

Labienus, -i: Labieno (lugarteniente de César)



Ilustración 3 ©Angus McBride

Exercicio 1: Morfosintaxe

1. No texto, a palabra *exercitum* é _____ (clase de palabra, caso, xénero, número e enunciado).
2. Completa o seguinte texto: *rescindi* é un verbo en _____ persoa do número _____ do tempo _____ no modo _____ e voz _____ do verbo _____ (enunciado).
3. Escolle unha destas tres opcións para completar este enunciado: a palabra *hostes* na oración *Hostes Lutetiam incendi iubent* é:
 - a. Nominativo plural masculino
 - b. Nominativo singular masculino
 - c. Acusativo plural masculino.
4. Completa o seguinte texto: *resciderant* é un verbo en _____ persoa do número _____ do tempo _____ no modo _____ e voz _____ do verbo _____ (enunciado).
5. O enunciado de *flumine* é _____
6. Como se denomina a construción *refecto ponte* e *re cognita* e en que consiste? Analiza sintacticamente todos os seus elementos.
7. Analiza morfoloxicamente a forma *profecti*. Despois indica con que palabra do texto concorda e como se denomina esta construción.
8. Busca dúas oracións de relativo no texto. Despois analízalas sintacticamente e sinala o antecedente de cada unha delas.
9. Na oración *Hostes (...) Lutetiam incendi pontesque eius oppidi rescindi iubent* hai dúas oracións de infinitivo. Cales son? Despois, indica que tipo de subordinada forman e cal é a súa función sintáctica con respecto a *iubent*.
10. Indica dous sintagmas do texto que funcionen como complemento circunstancial.

Exercicio 2: Literatura

O texto que traduciches pertence á obra *De bello Gallico* de Xulio César. Outro historiador, considerado o máis importante da época de Augusto, foi _____, que viviu entre os anos _____. Foi preceptor do emperador _____ e consagrou toda a súa vida a escribir unha monumental obra, titulada en latín _____, que narra a historia de _____ desde _____ ata _____. A causa da súa extensión, fixéronse resumos ou *epitomae* e índices, chamados *periochae*. Consérvanse os libros _____, _____, _____ y _____.

Exercicio 3: Expresións latinas

Nalgunhas destas frases, a expresión latina non se usa de forma correcta. Cales son?

- a) Xosé ten un traballo que non lle gusta moito, pero é o seu *modus vivendi*.
- b) Todo o mundo sabe que Uxía e Roi van casar, é *gratis et amore*.

- c) Sofía obtivo a nota máis alta da súa promoción na súa tese doutoral, cunha cualificación de *opera prima*.
- d) Nas dioceses cubanas fumar ao alba e a calquera hora é *peccata minuta*; ninguén che vai dicir nada.
- e) Rosa é moi amiga de Paula e tenlle moita confianza: é coma o seu *alter ego*.
- f) Esta mañá o departamento de recursos humanos recibiu un *rara avis* dun candidato por correo.
- g) A ostra é considerada o *non plus ultra* dos produtos afrodisíacos.
- h) Cando meu pai chama por min, quere que vaia *in vitro*.

Exercicio 4: “Pasapalabra” en latín

A	Alcume dun emperador en cuxa época viviu Tito Livio	Augusto
B	A palabra “guerra” en latín	
C	Nome do grande orador republicano autor do <i>Brutus</i>	
D	<i>Ab urbe condita</i> narra a historia de Roma desde os seus inicios ata a morte de...	
E	Nome que reciben tamén as <i>Bucolica</i> de Virxilio	
F	Completa a expresión latina que significa “inmediatamente”: <i>ipso...</i>	
G	Xulio César escribiu a guerra das _____	
H	Provincia romana do Mediterráneo occidental, bañada por ese mar.	
I	_____/ <i>imprimi potest</i> : locución latina que significa “licencia para imprimir un escrito”.	
K	Completa a expresión latina que significa “nunca”: <i>ad _____ Graecas</i> .	
L	<i>Nomen</i> do máis famoso historiador romano da época de Augusto.	
M	Nome en latín do Mar Mediterráneo.	
N	Locución latina que significa “non máis alá”	
O	Nome dunha das obras maiores de Cicerón	
P	Cidade onde naceu Tito Livio	
Q	Expresión latina utilizada para designar o número mínimo de asistentes requirido nun acto.	
R	Río que atravesou Xulio César, acto que supuxo o inicio da guerra civil contra Pompeio	
S	“Sempre” en latín	
T	<i>Praenomen</i> do máis famoso historiador romano da época de Augusto.	
U	Completa o título latino: <i>ab _____ condita</i> .	
V	Famoso xefe galo que se enfrontou a Xulio César	
X	A palabra “exército” en latín (contén esta letra)	
Z	Nome da batalla onde Aníbal foi derrotado no 202 a.C.	